

Núm. 129/10

RESOLUCIÓN DA ALCALDIA

ASUNTO: *Adxudicación definitiva do contrato de obra “Mellora campo de fútbol municipal de Arcade” (Real Decreto Lei 13/2009, de 26 de outubro, polo que se crea o Fondo Estatal para o Emprego e a Sostenibilidade Local).*

ANTECEDENTES

I. Por resolución de data 9 de abril de 2010 esta Alcaldía adxudicou provisionalmente, a obra “Mellora campo de fútbol municipal de Arcade” á empresa “Construcciones Santiago Villaverde, SL” polo prezo de 66.307 € e 10.609,12 € correspondentes ao Imposto de Valor Engadido.

II. A adxudicación provisional publicouse no Perfil de Contratante do Concello en data 12 de abril de 2010.

III. Visto que a adxudicación provisional notificouse a adxudicataria, requiríndoo para que presentase a documentación xustificativa de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e constituíse a garantía definitiva.

IV. Visto que con data 14 de abril de 2010, a adxudicataria constituíu garantía definitiva por importe de 3.315,35 € e presentou os documentos xustificativos esixidos.

Examinada a documentación que a acompaña, visto o informe de Secretaría, e de conformidade co establecido no artigo 135.4 e na Disposición Adicional Segunda da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, polo presente **RESOLVO:**

1º.- Elevar a definitiva a adxudicación provisional do contrato do “Mellora campo de fútbol municipal de Arcade” aprobada por Resolución de Alcaldía de data 9 de abril de 2010.

2º.- Autorizar e dispoñer o gasto de 76.916,12 € con cargo ao Fondo estatal de investimento local e, en consecuencia, con cargo á partida 340.623 do orzamento do ano 2010.

3º.- Notificar a “Construcciones Santiago Villaverde, SL”, adxudicataria do contrato, a presente Resolución e citalo para a sinatura do contrato que terá lugar o día 3 de maio de 2010.

4º.- Publicar a adxudicación definitiva do contrato do servizo de “Mellora campo de fútbol municipal de Arcade” no Perfil de contratante.

5º.- A adxudicataria deberá comunicar o tamaño da empresa.

6º.- Comunicar os datos básicos do contrato ao Rexistro de Contratos do Sector Público, de conformidade co disposto no artigo 308.3 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.

Soutomaior, 27 de abril de 2010.

O ALCALDE,

Ante mín, A SECRETARIA,